

ENCALLADOS + UN FLÂNEUR EN COMPOSTELA

Alfonso Zarauza, 2013 / 2020

1512

ESTREA EN NUMAX: 29.04.2025 | V.O. | 65 min + 20 min

ENCALLADOS

Alfonso Zarauza | 2013 | 65 min

Un director de cinema chama a dous amigos guionistas para escribir un filme sobre a catástrofe do Prestige con poucos medios e un prazo inminente. Os tres acaban, como o propio petroleiro, encallados ante a imposibilidade de levar a cabo a súa historia.

UN FLÂNEUR EN COMPOSTELA

Alfonso Zarauza | 2020 | 20 min

Documental sobre a cidade de Santiago desde os puntos de vista cultural, arquitectónico, humano e existencial.

A sesión terá presentación e coloquio co actor Ricardo de Barreiro xunto a Alfonso Zarauza



ENCALLADOS+ UN FLÂNEUR EN COMPOSTELA

Alfonso Zarauza, 2013 / 2020

EUROPEAN
CINEMA
Creative Europe MEDIA

Prestige

Só a palabra xa implica un cambio de ton na conversa ou na mirada dos interlocutores. Falamos dun dos peores episodios da historia galega recente; unha mancha que, algúns, non esqueceremos e que non deixaremos esquecer. Un fito que fixo que a sociedade galega se erguera golpeando a porta daqueles que amosaron a súa incompetencia no goberno. Alfonso Zarauza atreveuse en *Encallados* (2013) a tratar este tema nunha película cun resultado realmente sorprendente.

Acompañado por actores que son sinónimo de garantía, Zarauza dirixe unha película que sorprende pola súa aposta entre o falso documental e a non-ficción. Partindo da figura do propio director ante o labor de ter que realizar un filme sobre o Prestige, aborda o proceso de creación da película así coma os problemas derivados ao tratar un tema tan sensible e complicado. As diferencias entre os guionistas (interpretados por Federico Pérez e Ricardo de Barreiro) e o propio Zarauza (interpretado por Xúlio Abonjo) impulsarán unha trama que ri do propio sector audiovisual así como reflexiona sobre a traxedia do 2011. “Si hombre si, Zarauza es ese que dirigió *La noche que dejó de llover*, una película que no vio nadie”, é unha das frases cargadas de ironía que salpican un guión excelente que fai esquecer o tictac do reloxo durante a proxección.

A película tamén ten tempo para a reflexión. Durante o filme, a personaxe de Zarauza reflexiona que tanto na ficción pode haber moita verdade como na non-ficción mentira. E un non pode evitar lembrar un presidente do goberno nomeando como “hilillos” a traxedia que escurecía toda Galicia. Ou lembrar aqueles paraugas pechándose nun Obradoiro inundado polas choivas santiaguesas para demostrar ao goberno que alí había milleiros de persoas. Momento para recordar o increíble movemento que foi Nunca Máis pero tamén lembrar, non sen vergoña, non só o labor duns ineptos políticos senón tamén actitudes como as dos mariscadores emborrachándose no bar cos cartos da subvención ao canto de “outro máis!”, como lembra o personaxe de Ricardo de Barreiro no filme. A autocrítica do sector audiovisual tamén ten espazo neste filme: as dificultades para levar unha película adiante, as condicións que hai tras as (escasas) subvencións, as condicións de traballo e as esixencias da produción, mesmo o ego dalgúns actores son tratados en *Encallados* desde unha perspectiva irónica.

Mención especial a unha secuencia que, sen apenas diálogo, consegue condensar e amosar a rabia e a impotencia ante o recordo da catástrofe. Na pantalla Pato, Mahía e Zarauza prepáranse para ver imaxes de arquivo da catástrofe do Prestige. O proxector ilumina a pantalla e vemos, durante uns minutos, as praias negras, os voluntarios recollendo chapapote: a traxedia. Ao rematar, vemos os personaxes na terraza dun bar, en silencio. O director érguese e di “Mañá ás dez, non?”. Os outros asenten e Zarauza marcha.

Rodada en branco e negro e en formato de 16mm, a película é radicalmente diferente ao que estamos acostumados ao escoitar “cine galego”. Os tópicos do cine autóctono séguense a rachar con filmes como *Encallados*, que aposta por unha estética coidada e única que, á vez que se autoparodia erguéndose como 'cinema de autor', permite crear unha atmosfera perfecta para esa mestura de humor irónico, crítica social e metacinema. Quizais esta forma arriscada e atinada de facer cine, ou quizais esta aceda ironía crítica, sexan o que provocan que *Encallados* teña que, tristemente, buscar un método de distribución fóra do cinema comercial.